



# Xosé Fernando Filgueira Valverde

1

## LETRAS GALEGAS 2015



# Biografía

2



1906 - 1928

## INFANCIA, ADOLESCENCIA E ANOS UNIVERSITARIOS


Naceu en Pontevedra, o 28 de outubro de 1906. Courseu o bacharelato no Instituto de Pontevedra. Foron profesores seus figuras tan sobranceiras como Antón Losada Diéguez, A. D. Rodríguez Castelao, Ernesto Caballero ou Ramón Sobrino. Estudou Filosofía e Letras en Santiago e Zaragoza, e Dereito na universidade compostelá. Iniciou a carreira docente no curso 1928-1929 no Instituto Nacional de Segundo Ensino da cidade do Léz. Xubilouse sendo docente no ano 1976.



1928 - 1946

## A CONSOLIDACIÓN DO SEU PRESTIXIO INTELECTUAL

Participou na fundación e nacemento formal do Seminario de Estudos Galegos (1923). Foi secretario técnico do Padroado fundacional do Museo de Pontevedra (1929). En 1931 foi elixido secretario técnico do Partido Galeguista. Encabezou unha escisión do Partido Galeguista, organizando a Dereita Galeguista de Pontevedra (1935). Foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega (1941). Tomou parte na constitución do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (1944). Accedeu ao cargo de director do Instituto de Pontevedra (1946). Realizou un labor complementario ao propiamente docente centrado en diversos campos: bibliotecas escolares, música, teatro, deporte, saídas escolares, ciclos de conferencias.



# Biografía

3



## OS ANOS DA ALCALDÍA. NOVAS INICIATIVAS

1959 - 1986

No ano 1959 foi nomeado alcalde de Pontevedra, cargo no que permaneceu ata ao 1968. Dirixiu entre 1944 e 1976 o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos. Rexeu o Museo de Pontevedra desde o 1942 ao 1986. Foi nomeado correspondente da Real Academia Española no 1953 e, no 1981, numerario da Real Academia de la Historia. Tras as primeiras eleccións ao Parlamento Galego, foi designado conselleiro de Cultura (1982).




1986 - 1996



## TODA UNHA VIDA

Contribuíu dende o cargo autonómico á creación do Consello da Cultura Galega, que presidiu desde outubro de 1990 ata a súa morte.

Ao longo da súa vida, participou de maneira decidida e decisiva na creación ou potenciación de numerosas institucións. Entresacamos catro: o Seminario de Estudos Gallegos, o Museo de Pontevedra, o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos e o Consello da Cultura Galega.



# A súa obra



4

Foi autor dunha extensísima obra, científica e literaria, que supera os 300 títulos entre libros e folletos. Foron máis de 2000 as publicacións asinadas por el en xornais e revistas, e máis de 1600 as conferencias pronunciadas.

Como poeta poderíase adscribir ao neotrobadorismo por **Seis cancións de mar “in modo antico” (1941)**.

Na súa faceta de erudito e investigador elaborou traballos sobre literatura, preferentemente medieval, lírica galego-portuguesa, sobre os cancioneros musicais galegos, escribiu guías, historia e ensaio.

Os máis coñecidos son os **9 volumes de Adral (1979-1996)**, nos que aborda a cultura galega dende campos moi diversos.

A creación literaria iníciase con **Os nenos (1925)**. 15 relatos breves nos que cada un dos protagonistas evoca a súa infancia a través de estampas unhas alegres, outras tristes, mais contadas con sensibilidade e nas que a morte xoga un importante papel. **Agromar. Farsa pra rapaces (1936)** foi a súa única peza teatral.

# Na súa obra



5

## INVESTIGA, DIVULGA, CREA

### Ensaio

- O baldaquino en Galicia denantes do arte barroco, con Xosé Ramón Fernández-Oxea (1930).
- Lago González. Arcebispo galego (1934).
- Da épica na Galicia medieval, discurso de ingreso na RAG (1941).
- Camoens (1958).
- A poesía medieval galego-portuguesa fóra dos seus lindeiros (1980).
- Estudos sobre lírica medieval: traballos dispersos (1925-1987).
- Afonso X e Galicia e unha escolma de cántigas (1980), RAG.
- Armando Cotarelo Valledor (1879-1950), (1984), RAG.
- Historias de Compostela (1982).
- O arquivo do Museo de Pontevedra e unha guía sucinta (1988).
- Álvaro Cunqueiro (1991), RAG.

### Dicionario

- Vocabulario popular galego-castelán, con Lois Tobío, Xulián Magariños e Cordal Carús (1926).

### Tese de doutoramento

*La cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (1935).

### Narrativa

- *Os nenos*, ilustrado por Luis Pintos, e cuberta e contracuberta de Castelao (1925).
- *O vigairo: ensaio simbólico, orixinal e inédito*, con portada de Camilo Díaz (1927).
- *Quintana viva*, ilustrado por Castelao (1971).

### Poesía

- *Cancioneiriño novo de Compostela* (1969).
- *6 canciones de mar "in modo antico"* (1941).

### Teatro

- *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936), asinado co pseudónimo J. Acuña.

### Poligrafía/artigos

- *Adral* (1979), *Segundo Adral* (1981), *Terceiro Adral* (1984), *Cuarto Adral* (1987), *V Adral* (1989), *VI Adral* (1990), *VII Adral* (1992), *VIII Adral* (1994), *IX Adral* (1996).
- *Reconstitución e estudo do Cancioneiro Musical de Galicia de D. Casto Sampedro y Folgar* (1942).

# Na lírica medieval


6



## UN REFERENTE INTERNACIONAL

No 1935 presentou en Madrid a súa tese de doutoramento sobre a cantiga CIII das Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio.

*"Como Santa Maria feze estar o monge trezentos anos ao canto da passara, porque lle pedia que lle mostrasse qual era o ben que avian os que eran en Paraiso"*



Fora o seu director de tese Armando Cotarelo Valledor.

Filgueira Valverde converteuse nunha autoridade na materia e o seu nome comezou a ser un referente obrigado en todos os eventos e publicacións que trataron a figura e obra do Rei Sabio.

Filgueira foi un pioneiro tamén, en Galicia, nas investigacións sobre as cantigas trobadorescas.

### INVESTIGACIÓNS E PUBLICACIÓNS

- *Cantigas del Rey Sabio localizadas na Galicia. San Ero de Armenteira. Nós, núms. 21, 22, 25 e 26 (1925-26).*
- *Sobre as cantigas de Martín Códax. Nós núm. 92 (1931).*
- *La Cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval. Tese de doutoramento. Santiago, El Eco Franciscano (1936). Reeditada por Eds. Xerais en 1982.*
- *Cantores medievales de la Ría de Vigo. Anuario de Vigo (1940).*
- *Seis canciones de mar "in modo antico". Albor Pamplona (1941).*
- *Da épica na Galicia medieval. Discurso de ingreso na Real Academia Galega (1941).*
- *El código Rico de las Cantigas de Alfonso X el Sabio. Volume complementario da edición facsímile (1979).*
- *Alfonso X e Galicia (1980).*
- *Estudios sobre lírica medieval. Trabajos dispersos 1925-1987. Ed. Galaxia (1992).*

# Pontevedra.

## Os anos de alcaldía e outras angueiras



7

**“Preocuparse de todo sen vivir preocupado”**


No discurso do acto de toma de posesión como alcalde o 10 de novembro do 1959, dicía:

“É de bo agoiro que as decisións do gobernante coincidan cos desexos dos gobernados.”

**1. Defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural de Pontevedra.**

**2. Participación nos plans de industrialización especialmente no sector forestal e agropecuario.**

**3. Proxección de Pontevedra cara ao exterior e normalización das relacións coa cidade irmá, Vigo.**



- Proclamación da Igrexa de Santa María como basílica.
- Ampliación do Museo de Pontevedra.
- Pavimentado de pedra da zona monumental e urbanización de numerosas rúas.
- Edificio da Escola de Maxisterio, O Ateneo, a Escola de Capataces Forestais, o Estadio da Xuventude, Laboratorios da Misión Biolóxica.
- Deseccamento da Xunqueira de Alba.
- Desenvolvemento dos polígonos de Campolongo, San Antoniño.
- Retirada do ferrocarril do centro da cidade e creación da nova estación.
- Remate de obras e inauguración do ambulatorio, conexión do teléfono automático Vigo-Marín, Celulosas e Tafisa.

# Pontevedra.

Novas iniciativas, vellos compromisos:  
O Museo, a música...

8




O Museo de Pontevedra foi “a meniña dos seus ollos”. Os seus fundadores, Castelao, Sánchez Cantón, Casto Sampedro e Filgueira, imaxinaron un Museo que fose un fogar e non un almacén de antigüidades, que recollese os testemuños do pasado e que ofrecese o gozo da arte galega, un fogar que ademais fose centro de estudos e investigación.


Hoxe o Museo de Pontevedra alberga seis edificios. A súa biblioteca conta con 45.000 volumes e dispón dunha gran hemeroteca.

Auspiciada pola Fundación Barrié realiza a catalogación arqueolóxica e artística de Galicia. Acolle coleccións, únicas no mundo, como a de acibeches, Castelao, Méndez Núñez, Sargadelos, arqueoloxía etc.

Filgueira foi pioneiro no establecemento dun programa de alumnos colaboradores co Museo.



Entendeu a música como fundamento de identidade:



- As pedras angulares do seu proxecto son a música no Camiño de Santiago, o *Códice Calixtino*, os trobadores galego-portugueses, as *Cantigas de Santa María* e as panxoliñas.
- Foi promotor (directo ou indirecto) da Coral Polifónica de Pontevedra, do Coro do Instituto de Pontevedra, do Coro do Mosteiro de Poio, da actividade do curso Música en Compostela “á luz dos candelabros”, do *Ars Musicae* e do grupo de Carlos Villanueva.
- Importante foi o labor de divulgación das figuras de Martín Codax, P. Sarmiento, Manuel Quiroga, Rogelio Groba, da “Festa dos Maios”, dos cancioneros de Casto Sampedro, Cancioneiro de Galicia de Torne y Bal y Gay.

# Pontevedra.

**Entre a xubilación docente e os recoñecementos institucionais**



9

**1976** Xubilase como catedrático de instituto. Participa na fundación do Museo do Pobo Galego.

**1978** É elixido presidente da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra.

**1979** Concédennlle a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes e implícase no seo da RAG nos debates para regular a incorporación da lingua galega ao sistema educativo de Galicia.

**1981** Toma posesión como numerario da Real Academia de la Historia.

**1982** É nomeado conselleiro, adxunto á Presidencia da Xunta de Galicia para a Cultura. Crea o Consello Asesor da Cultura Galega, que culmina en 1983 como Consello da Cultura Galega.

**1984** Recibe a Medalla Castelao e é nomeado vogal da Comisión de Toponimia.

**1986** Renuncia á dirección do Museo de Pontevedra, do que é nomeado director emérito e patrón honorario. Recibe o Premio Otero Pedrayo.

**1989** Recibe o Premio Fernández Latorre instituído por *La Voz de Galicia*.

**1990** Recibe o Premio Trasalba, concedido pola Fundación Otero Pedrayo, e a Medalla de Ouro da Cidade de Santiago. É elixido presidente do Consello da Cultura Galega. Participa na creación da Fundación Alexandre Bóveda.

**1991** É nomeado académico de honra da Real Academia Galega de Belas Artes.

**1992** Membro da Comisión de Honra na Xunta Directiva da Comisión Internacional de Valleinclinistas.

**1993** A Enxebre Orde da Vieira concédelle o Premio Galego do Ano.

**1996** Investido doutor *honoris causa* polas universidades de Santiago de Compostela e Vigo. Recibe o Premio das Letras e das Artes de Galicia. Falece o 13 de setembro deste ano.




# Toda unha vida dedicada a Galicia



10




**Instituto de Segundo Ensino de Pontevedra (1915)**



**SEG. Primeiro curso de Literatura Galega na USC (1933)**



**Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (1944)**



**No Museo de Pontevedra co príncipe Juan Carlos (1957)**




**Cos antigos membros do Seminario de Estudos Galegos (1954)**



**Escavacións na Lanzada con Álvaro D'Ors (1955)**




**Académico da Real Academia de la Historia (1981)**



**Conselleiro de Cultura (1982)**



**Presidente do Consello da Cultura Galega (1995)**



**No Museo de Pontevedra (1990)**



**Cos irmáns na galeguedade**



**Doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo (1996)**